

BASES DO CONCURSO DE CARTEIS

“SEMANA DA CIENCIA E TECNOLOXÍA” - CANGAS 2018

1.- BASES E OBXECTO.- A Edición do Concurso de Carteis, con motivo da Semana da Ciencia e Tecnoloxía do Concello de Cangas, ten como obxectivo visibilizar o valor da Ciencia e o conxunto de actividades que se van a realizar no mes de Abril de 2018. Ten que ver coa posta en valor de concienciación e proxección dos traballos de Tecnoloxía e Ciencia. Seleccionarase o cartel que mellor transmita a idea da Semana de Ciencia e Tecnoloxía - Cangas 2018.

2.- PARTICIPACIÓN.- Poderá participar o alumnado dos distintos centros educativos do Concello de Cangas, matriculados no curso 2017/2018. Establécense dúas categorías:

Categoría **a)** E. Primaria (3º - 6º cursos)

Categoría **b)** ESO- Bacharelato

3.- REQUISITOS DOS CARTEIS

- A técnica de representación é libre. - O tamaño poderá ser en **A3 ou A4.**

- Na Categoría **b)** deberán incluír obrigatoriamente a seguinte lenda ou texto: "Semana da Ciencia e Tecnoloxía – Cangas - 9-13 abril 2018".

- Levarán necesariamente un **Lema ou Título, anotado na parte posterior da obra,** lema que identificará o cartel durante as distintas fases do Concurso.

- Cada participante ou equipo poderá concursar cun máximo de 1 obra.

No cartel tamén deberá incluírse, con posterioridade, o logotipo do Concello de Cangas.

4.- INSCRICIÓN.-

Lugar de entrega.- Os carteis se presentarán no colexio persoalmente á profesora Mila.

Forma de presentación.- Os carteis **levarán escrito por detrás unicamente o lema ou título identificativo do mesmo. En ningunha parte do cartel figurará ningún elemento que poida identificar o nome do autor.**

5.- PRAZO DE PRESENTACIÓN.- Do 1 o 19 de febreiro de 2018.

6.- COMPOSICIÓN DO XURADO.- A Comisión Avaliadora estará composta por tres Profesores/as (Bacharelato Artes, Plástica e Tecnoloxía) e dous/dúas alumnos/as (Secundaria (Artes) e Primaria) dos colexios participantes, actuando de secretario/a, sen voto, o/a representante da Concellaría de Ensino.

7.- PREMIOS.- O xuízo da Comisión Avaliadora será inapelable. Farase público quince días máis tarde do remate do prazo. Puntuarase entre 1 a 4 puntos cada un dos seguintes apartados: Calidade artística (manual/dixital) - Técnica - Impacto publicitario - Orixinalidade.

Establécense dous premios por categorías:

Primeiro premio: Bono de 150 euros (Material Educativo)

Segundo premio: Bono de 50 euros (Material Educativo)

8.- CESIÓN DE DEREITOS. Os/as alumnos/as e Equipos participantes das obras premiadas, afirman que as mesmas **son orixinais e da súa propiedade e ceden os dereitos** de reprodución, distribución e comunicación pública da súa obra para o fin nomeado. As obras premiadas quedarán en propiedade do Concello de Cangas.